

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DO 2025.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Juan Carlos García Barreiro, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D. Jorge Boado Presas, D^a Pura Ferreño Saia, D. José Manuel Vara García.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra.

XUSTIFICOU A SÚA NON ASISTENCIA: D. Pablo Bugía López

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as catorce horas e un dez minutos do día dezanove de decembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, presidido polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

Comprobada a existencia de quorum dase inicio á sesión plenaria coa seguinte Orde do día

1.- RATIFICACIÓN DA URGENCIA DA SESIÓN

Sometida a votación a urgencia da sesión, resulta ratificada por unanimidade dos membros presentes, continuando coa Orde do día.

2.- APROBACIÓN COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN CONTRATO XESTIÓN DE RESIDUOS

Antes de comezar o debate sobre este asunto, o Sr. Alcalde solicita que o asunto quede sobre a mesa para ser tratado na seguinte sesión.

O Pleno, por unanimidade, acorda deixar o asunto sobre a mesa.

3.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2026

A Concelleira, Sra. Ferreño, toma a palabra para expoñer e ampliar as alegacións presentadas durante o período de exposición pública do orzamento.

Indica que é o orzamento do PP e que hai que ter en conta os ingresos. Aclara que as alegacións son políticas e non técnicas. Non obstante, informa que se estudará algunha das propostas realizadas polo BNG por si resulta interesante realizalas se se presenta a posibilidade, pero que se desestiman por que non hai tempo.

A Sra. Ferreño indica ao Sr. secretario que conste en acta que solicita que se voten expresamente as alegacións de Pena Furada.

Rematado o debate sométese a votación, sendo rexeitadas as alegacións por 6 votos en contra (PP), e 2 votos a favor (BNG e PSOE), resultando definitivamente aprobado o Orzamento do

Concello de Coirós para o ano 2026, co seguinte resumo.

ESTADO DE GASTOS

<i>A. OPERACIÓN CORRENTES</i>	<i>EUROS</i>
CAP. 1.- GASTOS DE PERSOAL	868.840,00
CAP. 2.- G. BENS CORRENTES E SERVIZOS	870.900,00
CAP. 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	82.500,00
<i>B.- OPERACIÓN DE CAPITAL</i>	
CAP. 6.- INVERSIÓN REAIS	286.030,00
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	2.108.270,00

ESTADO DE INGRESOS

<i>A.- OPERACIÓN CORRENTES</i>	<i>EUROS</i>
CAP. 1.- IMPOSTOS DIRECTOS	549.000,00
CAP. 2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	60.000,00
CAP. 3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	189.230,00
CAP. 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.065.000,00
CAP. 5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	20,00
<i>B.- OPERACIÓN DE CAPITAL</i>	
CAP. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	245.020,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	2.108.270,00

Plantilla de persoal:

Funcionarios de carreira:

- **Secretaría-Intervención**, vacante, Grupo A1, Habilitación nacional, Nivel 30
- **Arquitecto municipal**, en propiedade, Grupo A1, Administración Especial, escala técnica, Nivel 28
- **Asesoría Xurídica de Igualdade**, en propiedade, Grupo A1, Administración Especial, escala técnica, Nivel 28
- **Traballador social**, en propiedade, Grupo A2,, Administración Especial, escala técnica, Nivel 24
- **Técnico de información xuvenil e animación sociocultural**, en propiedade, Grupo A2, Admon. Especial, Nivel 20
- **Educador familiar**, en propiedade. Grupo A2, Administración Especial, escala técnica, Nivel 20
- **Profesor/a de apoio escolar**, en excedencia, Grupo A2 , Administración Especial, escala técnica, Nivel 20
- **Director/a do CIM**, en propiedade, Grupo A2 , Administración Especial, escala técnica, Nivel 20
- **Axente de Igualdade do CIM**, en propiedade, Grupo A2 , Administración Especial, escala técnica, Nivel 20
- **Auxiliar administrativo**, (4) 4 en propiedade, Grupo C2, Administración Xeral, Nivel 18
 - **Alguacil Porteiro**, vacante, Grupo AP, Administración Xeral, Nivel 14
 - **Auxiliar axuda a domicilio**, en propiedade, Grupo AP, Admon. Especial, Nivel 14
 - **Oficial de oficios varios**, en propiedade, Grupo AP, Admon. Especial, Servizos Especiais, Nivel 14

Personal laboral:

- **Operario** electricista e mantemento instalacións, fixo. Vacante
- **Técnico de deportes**, fixo
- **Dez auxiliares de axuda a domicilio**, temporais.
- **Profesora educación adultos e outros**, temporal

Acórdase, polo tanto:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o orzamento para o ano 2026 do Concello de Coirós.

SEGUNDO.- Publicar a aprobación definitiva e o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Proceder a remisión á Administración do Estado a través da plataforma Autoriza.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos, do que eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO